

# XXIII XORNADAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

27 de febreiro 2021

## VIDEOCONFERENCIA

### PROGRAMA

10:00 h **Presentación do acto**

10:05 h

**Ler e escribir. Cando e como.** M<sup>a</sup> TERESA NEIRA GONZÁLEZ, mestra especialista en educación infantil no CEIP Pío XII, creadora de *Recursos Educativos Abertos* para o proxecto EDIA.

- Coñecer os fundamentos e piares da teoría construtivista. Etapas polas que pasa o alumnado no proceso de adquisición da lingua escrita.
- Diferenciar unha «Secuencia Didáctica» doutras modalidades de programación.
- Aprender a deseñar «Secuencias Didácticas» estables e puntuais.
- Exemplificacións.

12:30 h

**Regueifa miúda.** ALBA MARÍA, filóloga, cantora, produtora e improvisadora oral.

Partindo da consciencia do propio corpo como elemento produtor de ritmo e que responde a el, transitaremos o país das palabras, os xestos, a música, o baile e con estes iniciáremonos nas pautas básicas da regueifa tradicional: estrutura estrófica, cómputo silábico, ritmo, rima, campos semánticos, metáforas...

**MATRÍCULA:** gratuíta, previa inscrición nas seguintes ligazóns: <https://www.cig-ensino.gal> e <https://www.as-pg.gal>.

Control de participación a efectos de recibir o certificado de asistencia homologado pola Consellería de Educación por 8 horas de formación permanente do profesorado:

- Haberá que aceptar as condicións de participación en canto á Lei de protección de datos.
- Será necesario que as persoas asistentes estean conectadas á sesión como mínimo un 85% da duración da videoconferencia, que se fará a través da plataforma Webex.
- Rematada a actividade, cada asistente deberá cumprimentar unha enquisa de valoración.

**Sistema de acceso:** As persoas admitidas recibirán un correo electrónico coa información precisa para acceder á videoconferencia.

16:00 h

**Ambientes de aprendizaxe e matemáticas.** MÓNICA CORBACHO VARELA, mestra no CEIP Outeiro das Penas.

A aprendizaxe matemática a través de ambientes ou espazos da liberdade e a posibilidade para nenas e nenos de tomar múltiples decisións e de elixir. Incorporar moitos materiais concretos nestes espazos e darlle un acompañamento axustado converte a aula nun lugar para experimentar e aprender; nenas e nenos son os protagonistas e poden facer unha aprendizaxe de dentro para fóra e non de fóra para dentro como se dá normalmente.

18:00 h

**A educación multisensorial como oportunidade de cambio.** ROCÍO CASTRO CHENEL, BEATRIZ FRONTELA FULGUEIRA, NEREA COTELO AMADO, mestras do CEIP Fogar de Carballo.

O proceso de creación, organización e posta en marcha dunha aula multisensorial. O aproveitamento de recursos como punto de partida da transformación educativa.

19:00 h

**«Cholo e Nela» 25 anos de traballo en galego e en rede para educación infantil.** CARLOS RODRÍGUEZ CALVENTE, especialista en Educación Infantil no CEIP de Vilariño de Conso, orientador no CEE Manuel López Navalón.

A Convivencia de Educación Infantil constitúe unha experiencia única no contexto do País e do estado español, un equipo de mestras e mestres de Infantil para organizar unha festa da transversalidade no curso 1996-1997.

A experiencia estendeuse ata os nosos días... Cholo e Nela, falan galego e constitúen unha realidade, unha lembranza para cativiños e cativiñas daquela que hoxe andan perto dos 30 anos de idade..

20:00 **Clausura**

ORGANIZA:

